



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á CANDIDATURA DA TORRE DE HÉRCULES A SER NOMEADA “PATRIMONIO DA HUMANIDADE” POLA UNESCO

Cando *Gaio Sevio Lupo*, arquitecto natural de Coimbra ao servizo do Imperio Romano, construíu o *Pharum Brigantium* sobre unha península no extremo sur do Golfo dos ártabros para servir de guía á navegación marítima no *Finisterrae*, non podía imaxinar que ese faro, coñecido dende hai séculos como Torre de Hércules, ía manterse dous mil anos despois na mesma situación e coa mesma misión.

O mar foi dende a antigüidade un medio de vida e de comunicación para os seres humanos. As primeiras rutas marítimas tiñan como únicas referencias as costas e os accidentes naturais; despois, os mariñeiros comezaron a construír torres de pedras en lugares estratéxicos ao tempo que se transmitían os periplos – descrições de navegacións – entre eles. Despois viñeron os mapas, pero todas estas axudas eran insuficientes para a navegación de noite, así que o seguinte paso foi introducir o lume como guía para os mariñeiros.

Xa no século I da nosa Era, o Imperio Romano constrúe faros en lugares estratéxicos para a navegación: Ostia, Rávena, Dover e A Coruña, entre outros. A Torre de Hércules, que debía ter unha dobre misión de faro e control das rutas cara a Bretaña, foi o único que chegou coma tal ata os nosos días. Hoxe, despois de varias reformas arquitectónicas en distintos momentos da súa historia, segue sendo faro e a súa luz ilumina a mariñeiros e cidadáns, como naqueles tempos do arquitecto lusitano.

Dende o día 22 ata o 27, en Sevilla, o Comité do Patrimonio Mundial da UNESCO reúnese para celebrar a súa 33ª sesión e decidir outorgar a consideración de “Patrimonio da

Humanidade" a algún monumento. Non se trata dunha competición, senón dunha distinción e dun recoñecemento que a Torre de Hércules, como monumento singular merece.

Por iso, o **Parlamento galego**, mediante esta Declaración Institucional que apoian todos os grupos políticos, ***quere facer público o seu respaldo á candidatura da Torre de Hércules e o seu apoio á cidade da Coruña e ás súas institucións e cidadanía nesta aspiración colectiva.***

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2009